



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 7 DE NOVEMBRO DE 2023.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas do día sete de novembro de dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA.
D. MANUEL FORMIGO DE LA FUENTE.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 10 DE OUTUBRO DE 2023.- Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 10 de outubro de 2023.

2.- LICENCIAS DE OBRA.- Examinadas as peticións sobre licencias urbanísticas, por UNANIMIDADE, acórdase conceder licencias de execución de obras, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, os seguintes señores, advertíndolles que a mesma non producirá efectos sin o previo pago do Imposto liquidado por Intervención e, asimismo, que a licenza quedará sin efecto, de non cumprirse ás condicións fixadas.

AUTORIZAR a D^a. TANIA RAÑA SERRANO, con domicilio en Rúa Picota, 26 (Beades), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible sito na citada rúa con ref. catastral 1971611NG7817S0001SW, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar obras de cambio parcial de material de cubrición, de acordo co Informe emitido polo Arquitecto Municipal.

A presente licenza non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cuxa liquidación ascende ao seguinte importe:

* 2% sobre presuposto de execución de 1.560,00 €..... 31,20 €.



CONCELLO DE BEADE

P32011.OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

AUTORIZAR a D^a. MARÍA LUISA CARNERO POUSA, con domicilio en Rúa Varela (Beade), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmueble con ref. catastral 1869137NG7816N0001QM, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar obras en substitución de tella en parte da cuberta, e de acordo co Informe emitido polo Arquitecto Municipal.

A presente licenzia non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cuxa liquidación ascende ao seguinte importe:

* 2% sobre presuposto de execución de 400,00 €..... 8,00 €.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as doce horas e vinte minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,



Asdo. Fernando Taboada Guntín.

O SECRETARIO,



Asdo. Pablo Fernández Loureiro